

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA A SUPRESIÓN DE BARREIRAS DE COMUNICACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2018, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos).

Que o instrumento convencional ten por obxecto promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, a FAXPG - entidade sen ánimo de lucro, está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións có número 517 e no Rexistro autonómico da Xunta de Galicia de entidades prestadoras de servizos sociais nº S-0204 – ten como obxectivo, segundo os seus estatutos, fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación das barreiras de comunicación, así como procurar a



incorporación das persoas xordas á nova sociedade da información e comunicación, coa finalidade de mellorar a accesibilidade das persoas xordas en todos os ámbitos.

En particular, ao abeiro do presente convenio, a AMTEGA promoverá a prestación de servizos de intérpretes pola FAXPG ás persoas que o necesiten mediante a concesión a esta dunha subvención, achega económica que ten un carácter de interese público e carácter social, de acordo cos artigos 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Cumprir á encomenda prevista na Lei aos poderes públicos de promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas.
- Incentivar, de acordo co previsto na Lei, o acceso ás telecomunicacións a través de medios de apoio á comunicación oral.
- Financiar á dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral, para facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas Administracións Públicas.
- Establecer mecanismos de garantía do dereito das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral que precisen nas súas relacións coa administración pública galega.
- Eliminar as barreiras e mellorar a accesibilidade do colectivo de persoas xordas, facilitando a intercomunicación e realización dos trámites necesarios para o exercicio dos seus dereitos.
- Garantir a efectiva accesibilidade universal das persoas nas súas relacións coa Administración, de acordo co marco normativo aplicable.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrência pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos



107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

